

## PALABRAS CON H

1. Escribe H nas palabras que o precisen.

|               |              |              |           |
|---------------|--------------|--------------|-----------|
| __ospitalario | __armonía    | __umedecer   | __unidade |
| __umanitario  | __infantil   | __umor       | __orta    |
| __amigo       | __ostil      | __eroe       | __ola     |
| __irmán       | __elicóptero | __ora        | __abano   |
| __ovos        | pro__ibir    | pre__istoria | __inverno |

2. Completa as seguintes palabras cos prefixos hiper-, hidro- ou hecto- tendo en conta que algún deles pode variar ao formar a nova palabra.

|              |             |              |
|--------------|-------------|--------------|
| _____masaxe  | _____fobia  | _____soluble |
| _____mercado | _____activo | _____tensión |
| _____área    | _____litro  | _____gramo   |

3. Completa as seguintes oracións coas palabras do exercicio anterior.

- Meus pais queren poñer no cuarto de baño unha bañeira de \_\_\_\_\_.
- Non para quieto, é un rapaz \_\_\_\_\_.
- A cisterna dese camión só ten capacidade para corenta \_\_\_\_\_.

4. Completa con hai ou aí.

- |                                     |                            |
|-------------------------------------|----------------------------|
| • Xa _____ moito tempo que marchou. | • Vou agora para _____.    |
| • Mira ben _____ dentro.            | • _____ está o noso coche. |
| • Neste mesón _____ prato do día.   | • Hoxe non _____ escola.   |

5. Completa cada oración cunha forma do verbo haber que lle acaia.

- O luns que vén \_\_\_\_\_ unha obra de teatro no colexio.
- O ano pasado \_\_\_\_\_ moitos días de chuvia.
- Faremos esa viaxe cando \_\_\_\_\_ vacacións.
- Non che merquei o xersei porque non \_\_\_\_\_ do teu talle.